

Acta de Reunión da Comisión Académica do Máster en Big Data

Lugar: Microsoft Teams

Día: 26/07/2021

Hora inicio: 12:30, Hora fin: 13:25h

Asisten:

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Paula López Martínez

Manuel Mucientes Molina

M^a Carmen Palacios Oubiña

Eduardo Sánchez Vila

Escusan asistencia:

Tomás Fernández Pena

Non asistiron:

Marcos Fernández Pichel

Beatriz Pateiro López

Orde do día:

1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (achégase coa convocatoria).
Apróbase por unanimidade.

2- Informe do coordinador.

O coordinador informa dos seguintes puntos:

O día 05/07 tivo lugar unha sesión de presentación do Máster entre os alumnos da USC. Fíxose publicidade da mesma a través da ETSE, e tamén entre os alumnos de cuarto curso dos graos de Enxeñaría Informática, Matemáticas e Física. Asistiron un total de 22 alumnos.

3- Valoración de méritos dos alumnos candidatos a cursar o Máster en 2021/2022.

Valoráronse os méritos dos alumnos candidatos segundo os criterios indicados a continuación:

1. Expediente Académico: 70 puntos máximo. Normalízase dividindo pola máxima nota dos candidatos presentados.

2. Experiencia Profesional/Laboral. Assignase o máximo (20 puntos) aos candidatos que acrediten 2 anos ou máis de experiencia laboral/profesional TIC. Os candidatos que teñen menos de dous anos reciben a correspondente parte proporcional. Téñense en conta tamén as prácticas curriculares e extracurriculares.

3. Outros méritos: Ata un máximo de 10 puntos. Bolsas competitivas de prestixio (FPU, Xunta, colaboración MEC): ata 10 puntos. Participación en proxectos de I+D: ata 10 puntos/ano.

Publicacións científicas: ata 10 puntos. Actividades formativas: cursos, certificacións profesionais, Masters, ou outras titulacións: ata 1 punto.

Determinouse a listaxe ordenada en base a dita puntuación.

4- Proposta de modificación do sistema de preinscripción dos alumnos doutras universidades no Máster.

O coordinador do Máster indica que os alumnos doutras universidades non poden facer a preinscripción se non fixeron o depósito do título, mentres que os alumnos da USC si poden facela se teñen o título nunha data anterior ao momento da matrícula. Por isto, a comisión solicita á ETSE que faga unha proposta de modificación do sistema de preinscripción, para que sexa posible facer a solicitude de praza no Máster se se obtén o título antes da data de inicio do período de matrícula.

5- Rolda aberta de intervencións.

Manuel Mucientes comenta que a web do proceso de matrícula para estudantes de fora da USC debe ser revisada.